

Intervención do presidente do Parlamento de Galicia no acto de presentación do libro *25 aniversario Consello de Contas de Galicia*

Biblioteca Xeral do Parlamento de Galicia, 16-04-2018 // 13,00h.

Conselleiro maior do Consello de Contas de Galicia,
Conselleiras e conselleiros.
Membros da Mesa do Parlamento,
Portavoces,
Deputadas e deputados,
Señoras e Señoras:

Boas tardes e moitas grazas por elixir o Parlamento de Galicia como escenario para a presentación deste volume recompilatorio dos primeiros 25 anos de historia do Consello de Contas de Galicia.

Atopámonos nun escenario especialmente acaído pola natureza do acto, ao tempo que, nesta época de apertura do Parlamento, este acto tamén contribúe a dar coñecer a nosa Biblioteca, valiosa pola riqueza dos seus fondos bibliográficos e documentais, sempre á disposición de deputadas e deputados, do persoal da Cámara e dos xornalistas acreditados, e tamén dos estudosos e investigadores que nalgún momento os poidan precisar.

Teñan a seguridade de que a aposta desta institución pola apertura á sociedade, pola participación cidadá e, en suma, polo achegamento á xente, chegou para quedarse. Non ten volta atrás.

Falamos dunha filosofía consubstancial á razón de ser do Parlamento de Galicia, pero tamén consecuencia do novo clima social que chegou co século XXI. A sociedade reclama, e con razón, transparencia, apertura e rendición de contas por parte das institucións públicas e os responsables da súa xestión.

Teño dito moitas veces que se Galicia acadou as elevadas cotas de autogoberno que agora xestiona non foi por casualidade, senón que é

consecuencia do traballo, case sempre calado, dos homes e mulleres que noutrora depositaron a semente da autonomía que rematou agromando vizosa logo da promulgación do vixente Estatuto de Autonomía de Galicia.

Eses pais fundadores —algúns dos cales foron xustamente honrados coa concesión das Medallas do Parlamento de Galicia de 2017, os integrantes da denominada *Comisión dos 16*— foron auténticos visionarios, adiantados ao seu tempo que tiveron clara a necesidade de dotar a Comunidade Autónoma dun órgano de control externo, o actual Consello de Contas de Galicia, que botou a andar un xa afastado 1 de marzo de 1991 baixo a presidencia do aínda hoxe recordado e admirado Carlos Otero Díaz, que exerceu a presidencia deste órgano estatutario ata xullo de 2000.

Para o profesor Otero Díaz e para cantos ao longo de todo este tempo teñen servido a Galicia desde o Consello de Contas, o noso agradecemento e recoñecemento sinceros.

Máis dun cuarto de século despois, e logo da última reforma normativa, o Consello de Contas foi reforzado nas súas competencias e tamén —feito non menos importante— na súa autonomía. Unha autonomía —cómpre recordalo— que sempre formou parte dos alicerces do Consello de Contas, desde o minuto cero, e así o acreditan os sucesivos informes emitidos por este órgano de fiscalización.

Autonomía e independencia necesarias que o lexislador quixo reforzar e blindar expresamente na referida reforma lexislativa, ao tempo que emitía unha mensaxe de confianza ao conxunto das galegas e galegos. A mensaxe de que os recursos públicos, os recursos de todos, non só deben ser xestionados con eficacia e con eficiencia senón que están sometidos a unha fiscalización rigorosa, blindada fronte a calquera hipotética interferencia.

Eficacia, eficiencia e rigor —e quero subliñalo expresamente— que o Lexislativo trasladou tamén ao funcionamento do Consello de Contas ao reforzar as súas competencias en materia de prevención da

corrupción, a partir da experiencia e bo facer do persoal da institución, sen incorrer en incrementos orzamentarios dificilmente asumibles nunha etapa de extrema contención orzamentaria derivada da situación que todos coñecemos.

Son consciente de que esta contención orzamentaria non sempre foi ben entendida, e moito menos compartida, desde dentro das propias institucións, pero os que temos o privilexio de ser funcionarios públicos debemos comprender tamén a complexidade e as dificultades ás que moita xente se enfrenta no seu día a día, persoas ás que debemos un comportamento e unha dedicación exemplar.

Quero, antes de rematar, felicitar o conselleiro maior, a todos os conselleiros, e a todo o persoal da institución, polo volume que hoxe presentamos, historia contemporánea e historia viva de Galicia e das súas institucións de autogoberno. Parabéns pola decisión de elaborar esta publicación que pon negro sobre branco a memoria destes primeiros 25 anos, memoria fráxil que fan ben en blindar para legala, imperecedoira, aos que nos sucedan.

Mudan as persoas, as institucións permanecen.

Por iso, grazas, parabéns e de hoxe noutros 25 anos.